

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OLEIROS

##### Secretaría Xeral

*Constitución mesa contratación permanente*

#### A N U N C I O

Na sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno que tivo lugar o día 22 de febreiro do 2018 adoptouse o seguinte acordo:

“Visto expediente e informe da secretaria accidental do Concello e tendo en conta o disposto no art. 326, apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público e os arts. 21 e 22 do RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da sinalada lei, propónse a adopción dos acordos seguintes:

**Primeiro.-** Constituír a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Oleiros, que actuará como órgano de asistencia do órgano de contratación competente en tódolos contratos que asine esta entidade local e sexan obxecto de adjudicación mediante procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación.

**Segundo.-** Designar como membros da nomeada Mesa de Contratación Permanente a:

- **Presidente.-** D. Ángel García Seaone (alcalde).
- **Vogais:**
  - D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández, concelleira delegada (de xeito especial) de economía, facenda e contratación.
  - D. Jacobo Molina Sáenz, interventor municipal.
  - D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, secretaria municipal.
  - D. Marcos Veiga Rodríguez, TAE de orde pública.
- **Secretario.-** José M. Díaz García, administrativo do área de contratación.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorran algunha causa xustificada, o réxime de suplencias dos membros da Mesa de Contratación Permanente será o seguinte:

- **Presidenta.-** D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Varela Neira (1<sup>a</sup> Tte. de alcalde).
- **Vogais:**
  - D. Jaime Rumbo Mosquera, concelleiro delegado (de xeito especial) de ‘servizos municipais’.
  - Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa ó interventor municipal.
  - Técnico/a municipal a nomear pola Dirección Xeral de Admón. Local que substitúa á secretaria municipal.
  - D<sup>a</sup> Susana Miranda Fernández, TAE asesora xurídica de cultura.
- **Secretario.-** Iago A. López Alvarez, auxiliar administrativo do área de contratación.

Tódolos membros da Mesa de Contratación Permanente terán voz e voto, agás o funcionario que desenvolva a secretaria da mesma, que unicamente terá voz.

Ás reunións da Mesa de Contratación Permanente poderanse incorporar, previo acordo da mesma e a solicitude do/a presidente/a, o/as funcionario/as ou asesore/as especializado/as que resulten necesario/as, segundo a natureza dos asuntos a tratar, que actuarán con voz pero sen voto.

Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o/a presidente/a, o secretario e o/a vogal que teña atribuídas as funcións correspondentes ó asesoramento xurídico e ó control económico-orzamentario do órgano.

**Terceiro.-** Ordenar a publicación dos presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Perfil do Contratante.

**Cuarto.-** Dar traslado do nomeamento dos membros da Mesa de Contratación Permanente ós/ás designado/as.”

Oleiros, 26 de febreiro de 2018

O Alcalde,

ANGEL GARCIA SEOANE

2018/1567